



### **RESOLUCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE**

**Pola que se aproban as bases reguladoras das probas selectivas para a selección do formador dos módulos de OFIMÁTICA, de FORMACIÓN PARA A IGUALDADE e de INSERCIÓN LABORAL E SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL, do curso ADGN0108 FINANCIACIÓN DE EMPRESAS**

Por Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar Social, lle foi concedido a este concello o curso de FINANCIACIÓN DE EMPRESAS, ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio 2013*. Esa concesión supón o financiamento do 100% do gasto do curso.

E a Xunta de Goberno do día 13 de setembro acordou realizar unha convocatoria para a selección dos monitores dos módulos de Ofimática, de 190 h, de Formación para a Igualdade, de 8 h., e de Inserción laboral e Sensibilización ambiental, de 10 h.

Polo que resolvo aprobar as bases reguladoras da convocatoria das probas selectivas para a contratación temporal deses monitores, que figuran no anexo desta resolución.

Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación concordante, que sexa de aplicación.

Vilagarcía de Arousa, a 20 de setembro de 2013.

**BASES DE SELECCIÓN:**



PRIMEIRO. É obxecto da presente convocatoria a selección, polo procedemento de concurso-oposición, dos monitores dos módulos de Ofimática (190 h.), de Formación para a Igualdade, de 8 h., de Inserción laboral e Sensibilización ambiental, de 10 h, do curso ADGN0108 FINANCIACIÓN DE EMPRESAS, do Plan AFD, impartido ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio 2013*, e concedido a este concello por Resolución da Xefatura Territorial de data 7 de xuño de 2013.

*As retribucións serán na contía que determinan esa orde e esa resolución.*

SEGUNDO. Para tomar parte na oposición será necesario:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter máis de 16 anos e non ter cumpridos os 65 anos de idade
- c) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial
- d) Non padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do cargo.
- e) ) Non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas

Ademais, no caso do módulo de Ofimática

1) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes.



- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes.

- Técnico superior das familias profesionais de Administración e xestión e Informática e telecomunicacións.

- Certificado de profesionalidade de nivel 3 das familias profesionais de Administración e xestión e Informática e comunicacións.

2) experiencia profesional de 2 anos no ámbito da unidade de competencia á que está asociado o módulo.

3) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos.

Deste requisito estarán exentos:

- Os que estean en posesión das titulacións de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en todas as súas especialidades, ou título de graduado en Psicoloxía ou título de graduado en Pedagogía ou posgraio de especialización en Psicopedagogía.

- Os que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se encontren en posesión do título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación ou equivalente.

- Os que acrediten unha experiencia docente contrastada de al menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

No caso dos módulos de Formación para a Igualdade e/ou de Inserción laboral e Sensibilización ambiental:

1) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes.

- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes.

- Técnico superior das familias profesionais relacionadas co módulo.

- Certificado de profesionalidade de nivel 3 das familias profesionais relacionadas co módulo.

2) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos.

Deste requisito estarán exentos:



- Os que estean en posesión das titulacións de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en todas as súas especialidades, ou título de graduado en Psicoloxía ou título de graduado en Pedagogía ou posgraio de especialización en Psicopedagogía.
- Os que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se encontren en posesión do título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación ou equivalente.
- Os que acrediten unha experiencia docente contrastada de alo menos 200 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Os requisitos mencionados deberán posuírse o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes.

#### TERCEIRO. Instancias

As instancias solicitando tomar parte na oposición, se dirixirán á Alcaldía-Presidencia do Concello e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de 6 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación no taboleiro de anuncios do Concello, nun dos diarios de maior tirada de Galicia e na páxina web do Concello.

As instancias tamén poderán presentarse na forma prevista no artigo 38 da Lei 30 de 1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. A solicitude acompañarase inescusablemente da fotocopia do documento nacional de identidade, debidamente compulsada. Así como documentación compulsada acreditativa de posuír a titulación esixible. Asemade deberá entregarse relación resumo dos méritos alegados así como documentación compulsada xustificativa de cada un deles na mesma orden que figuren na relación.

#### CUARTO. Anuncios.

O resto dos anuncios do proceso selectivo levarase a cabo no taboleiro de anuncios da Corporación e na web do Concello.

#### QUINTO. Tribunal.

O Tribunal/ Comisión de Selección:

1. Estará constituído polos seguintes membros:



Secretario/a: Un empregado do concello de Vilagarcía que actuará como secretario/a do tribunal.

Vocais: Tres empregados públicos. A totalidade dos vogais deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría da que se trate.

Presidente: Un empregado do concello de Vilagarcía.

2. A designación dos membros do tribunal poderá incluír a dos respectivos suplentes.

3. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e toma os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

4. Deberán absterse de formar parte do Tribunal os membros que incorran en algunha das circunstancias previstas no artigo 28 de la Ley 30/1992, de 30 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

SEXTO. Proceso selectivo.

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso-oposición. No concurso de méritos se terá en conta o seguinte baremo:

1.- Por experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia á que está asociado cada módulo.

- na Administración Pública: 0,5 puntos por cada ano de traballo.

- en institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada ano de traballo.

o Ata 2 puntos como máximo.



2.- Por cursos impartidos de formación ocupacional relacionados coa actividade:

- En institucións públicas, 0.1 pto. por cada 50 h. impartidas.
- En institucións privadas, 0,05 ptos. por cada 50 h. impartidas.

Ou por ensinanza regrada impartida en materias relacionadas co módulo:

- 1 pto. por curso académico. No caso de que non fora completo, se puntuará de xeito proporcional ao tempo impartido.

Ata 2 puntos como máximo

3 - Por asistencia a cursos en materias relacionadas coa actividade (0.10 puntos por curso de 8 horas). Ata un máximo de 2 punto.

4- Estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos, ou do Curso de Aptitude Pedagóxica ou do Curso de Formador de Formadores, 1 punto.

5 – Coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e non eliminatorio  
O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos, quedando exentos de o realizaren os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 (ou curso de perfeccionamento en lingua galega), ós que se lles outorgará a cualificación máxima de dous (2) puntos.

Tamén quedaran exentos aqueles aspirantes que acrediten posuír un título Celga inferior segundo a seguinte valoración:

Celga 3: 1,5 puntos

Celga 2: 1 punto

Celga 1: 0,5 puntos

A proba consistirá na tradución, sen dicionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Aqueles aspirantes que aínda acreditando posuír un Celga 3, 2, ou 1 desexen realizar a proba de tradución poderán facelo si ben en caso de obter unha puntuación inferior á que corresponde polo título aportado manterase a asignada ao título Celga aportado.



6.- A fase de oposición consistirá nunha entrevista persoal que se poderá valorar ata un máximo de 5 puntos. Versará sobre a experiencia e historia profesional do aspirante; formación e coñecementos das funcións do posto de traballo a desenvolver; a capacidade e competencia profesional para o mellor desempeño do mesmo.

#### SEPTIMA. Cualificacións.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo a mellor puntuación obtida na fase da oposición-entrevista e en caso de empate pola valoración dos servizos prestados na administración pública. De persistir o empate, este dirimirase por sorteo. O Tribunal propondrá para a súa contratación ó aspirante que acada a maior puntuación global e formulará lista ordenada dos candidatos coa que se formará unha orde de suplencia.

#### OITAVA. Validación polo Servizo de Formación e Emprego

O aspirante que resulte seleccionado deberá ser validado polo Servizo de Formación e Emprego da Consellería de Traballo e Benestar Social e comezará a prestar servizos o día que se lle indique pola Alcaldía. A data prevista de inicio da prestación é o 8 de outubro.

Para o caso de que o aspirante seleccionado rexeitase a contratación, renunciase posteriormente ou non obtivese a validación polo Servizo de Formación e Emprego da Consellería de Traballo e Benestar Social, procederíase a realizar o ofrecemento segundo a orden da lista resultante do proceso de selección.

O Tribunal queda capacitado para resolver tódalas dúbidas ou incidencias que xurdan durante o proceso selectivo. No caso de que ningún dos candidatos presentados estivera en posesión dos 3 requisitos sinalados na base 1, o tribunal poderá seleccionar a aqueles que cumpran polo menos dous, tendo en conta o que xa se indica respecto da validación.

#### NOVENA. Presentación de documentos e contratación

O candidato/a proposto para a súa contratación deberán incorporarse ao posto de traballo segundo as indicacións do Concello de Vilagarcía, non tendo dereito a retribución algunha ata a efectiva contratación e incorporación ao posto de traballo.



Deberá presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) Fotocopia compulsada do título.
- c) Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condenado por delito doloso.
- e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación, o do exame da mesma se deducise que carece de algún dos requisitos sinalados nas bases, non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.

DÉCIMA. Impugnación e supletoriedade.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30 de 1992, de 26 de novembro de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado Público e demais normativa concordante.

Vilagarcía de Arousa, 20 de setembro de 2013.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria Xeral

Tomás Javier Fole Díaz

Rosa Losada Suárez